

Periplo pola fraseoloxía portuguesa: abordaxe lexicográfica

Guilhermina Jorge¹

Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa

Unha vez exploradas varias *verreas* lexicográficas e expostas e discutidas as opcións dos autores de dicionarios publicados en (ou coa) lingua portuguesa dende os anos oitenta, a viaxe continúa coa presentación dun proxecto de dicionario bilingüe de unidades fraseolóxicas baseado en dúas orientacións principais: a orientación temática ou referencial e a orientación metafórica ou idiomática. As unidades seleccionadas que formarán parte do corpus deste proxecto son, en sentido amplo, a expresión e o proverbio.

Palabras clave: fraseografía, lexicografía, dicionario bilingüe portugués-francés.

After exploring different lexicographical *paths*, as well as exposing and discussing the options of the authors of dictionaries published in (or with) the Portuguese language since the 80's, the journey continues by presenting a project of a bilingual dictionary of phraseological units based on two main approaches: a thematic or referential approach and a metaphorical or idiomatic approach. The chosen units which will make up the corpus of this project are –broadly speaking– the idiom and the proverb.

Key words: phraseography, lexicography, bilingual dictionary Portuguese-French.

1. Introducción

A lingua portuguesa conta con algúns traballos puntuais sobre fraseoloxía pero a investigación nesta área da linguaxe non acompañou o seu desenvolvemento noutras linguas como o castelán, o francés e o inglés. Existen algúns traballos sobre sintaxe, morfoloxía (abordaxes morfolóxicas de compostos –nomes, adverbios e adxectivos compostos-) e sobre didáctica. Mais a área que rexistrou unha gran produtividade nas publicacións é a lexicografía. No entanto, o feito de que a investigación científica en Portugal non acompañe ó mesmo ritmo, nesta área, a evolución e a produción de traballos para outras linguas dificultou en certa medida a coherencia do traballo lexicográfico.

¹ Tradución de Cristina Veiga Novoa.

Dos dicionarios existentes para o portugués destaca a ausencia dunha definición clara e obxectiva da terminoloxía empregada polos mesmos autores e a dificultade para acoutar os varios tipos de fraseoloxía existentes nunha lingua. De aí que os dicionarios acabasen por ser unha recompilación de estruturas diversas: catacreses, palabras simples, citas, frases feitas, máximas, sentenzas, expresións idiomáticas, locucións e refráns.

Utilizamos o termo *fraseoloxía* nunha acepción ampla: deste hiperónimo forman parte varios subconxuntos que comparten algunhas propiedades: trátase de estruturas fixas (independentemente do grao de fixación, das transformacións, substitucións ou insercións permitidas) que conteñen un valor idiomático ou moralizante (así, eliminamos tódalas estruturas fixas que conservan o seu valor literal como, por exemplo, adverbios, conxuncións, adxectivos compostos ou mesmo construcións verbais).

Interésannos, máis especificamente, dous tipos de fraseoloxía: o proverbio e a expresión idiomática, que analizaremos e definiremos a continuación en función do noso obxecto de estudo. Sabemos que esta terminoloxía suscita problemas no que respecta ó seu recoñecemento científico.

2. Expresión idiomática, locución e proverbio: elementos de reflexión

Algúns autores usan aleatoriamente expresión e/ou locución para facer referencia ó mesmo tipo de expresións. A expresión aparece como un conxunto de palabras fixadas polo uso, unha maneira particular de expresarse, de dicir cousas, unha unidade de linguaxe formada por varias palabras pero que presenta un significado lexical homoxéneo e un significado gramatical heteroxéneo; isto é, un conxunto de palabras gramaticalmente unidas de modo que forman un sentido completo e independente dos sentidos individuais dos seus elementos constituíntes.

A locución corresponde tamén a un conxunto de palabras unidas polo uso pero que forman unha entidade funcional que describe unha acción ou unha idea sen connotacións morais. Na locución, tanto o significado lexical como o gramatical son homoxéneos e constitúen un conxunto de palabras de sentido incompleto, un elemento da frase, equivalente a un vocábulo simple, un elemento funcional do discurso (que será analizado como un fenómeno de orde lexical).

A lexicalidade está presente en tódalas estruturas enunciadas. Todas elas presentan un maior ou menor grao de lexicalización dende os puntos de vista semántico e sintáctico. Destacan varios tipos de frases fixas, que presentan diferentes graos de restricións lexicais e sintácticas.

Os factores base comúns a tódalas unidades fraseolóxicas que constitúen o noso corpus de estudo, tanto a expresión idiomática como o proverbio, independentemente da plétora terminolóxica existente, poden resumirse nos seguintes aspectos:

- lexicalidade
- restricións distribucionais
- restricións sintácticas
- interpretación non composicional
- anonimato das estruturas

De entre a diversidade das unidades fraseolóxicas salientamos os tipos abaixo enunciados:

2.1. As *expressions*

a) A expresión idiomática verbal

O verbo pode permitir algunha variación paradigmática finita (p. ex.: *arrastar/pôr pelas ruas da amargura*). O seu comportamento morfosintáctico é idéntico ó das construcións con grupos nominais libres:

- o verbo crea unha dependencia cos argumentos
- o verbo pode manter o seu sentido pleno
- o sentido é idiomático: opacidade semántica dos constituíntes como elementos individuais
- ausencia de composicionalidade
- variación do tempo, modo, persoa e número verbais
- SN1 libre (con función de SN suxeito)

Exemplos:

- *esticar o pernil*
- *arrastar pelas ruas da amargura*
- *descarregar a bñlis em alguém*
- *dar corda aos sapatos*
- *dar às de Vila Diogo*
- *chover no molhado*
- *pintar a macaca*
- *fazer chorar as pedras da calçada*
- *custar os olhos da cara* (véxase que neste caso o verbo mantén o seu valor literal; con todo, forma parte integrante da expresión e presenta un grao de lexicalidade forte en relación con outros elementos constituíntes)

b) A expresión idiomática comparativa

Esta expresión pode ou non ser verbal, pero a interpretación xeral da expresión é idiomática e non composicional. A comparación aporta un valor hiperbólico.

- *chorar como unha madalena*
- *ser como cão e gato*
- *ser como macaco por banana*
- *passar como cão por vinha vindimada*
- *mentir como espingarda velha / como cão*
- *cair que nem un anjinho*
- *conhecer como a palma da mão*
- *comer que nem um odre / que nem um abade*

c) A expresión idiomática adxectiva

A expresión idiomática adxectiva funciona como un adxectivo predicativo composto. É unha estrutura fixa, con fortes restricións sintácticas entre os elementos constituíntes e conserva o sentido idiomático (expresións non composicionais, fixación total ou parcial).

- *ser duro de ouvido*
- *ser cheio de nove horas*
- *ser pobre e mal agradecido*
- *ser baço para espelho*
- *ser novo em folhas*
- *ser maior e vacinado*

2.2. Os proverbios

Das características do proverbio destacamos as seguintes:

- lexicalidade
- anonimato
- sentido idiomático ou moralizante
- ausencia de composicionalidade
- maior grao de fixación entre os elementos constituíntes
- ausencia de SN libres
- comportamento morfosintáctico restritivo (non existen variacións morfolóxicas nin conmutacións sintácticas)

Exemplos:

- *Arrufos de namorados são amores dobrados.*
- *No amor há sempre um que beija e outra que oferece a cara.*
- *Não pode ser amado quem sempre quer ser irado.*
- *Quem com ferros mata, com ferros morre.*
- *Das grandes amizades as grandes inimizades.*
- *Deitar cedo e cedo erguer dá saúde e faz crescer.*
- *Na casa onde a mulher manda até o galo canta fino.*
- *Mais quero velho que me honre que moço que me desonre.*

3. Os dicionarios de fraseoloxía en lingua portuguesa: algúns exemplos

Agora propoñémonos iniciar un periplo polos dicionarios de fraseoloxía existentes para o portugués europeo (para o portugués de Brasil existe unha extensa bibliografía lexicográfica e algúns proxectos de *thesaurus* fraseolóxicos en curso, que constituirán bases de datos preciosas para o portugués).

Empezaremos mentando os catro volumes (seis tomos) do GP: non son un dicionario *sensu stricto* pero definen e contextualizan máis de catro mil fraseoloxismos portugueses e, en moitos casos, explican a motivación, en parte xa arcana. Traballo a medio camiño

entre a recolla directa e a estandarización fraseográfica, cando aborda a motivación, adoita facelo con dignidade.

Como xa sinalamos, non existen criterios obxectivos de clasificación dos datos e da ordenación das entradas lexicográficas. Impónse a orde alfabética da primeira palabra/letra que introduce a expresión. Á ordenación temática ou categorial das expresións, que facilitaríaa o traballo de consulta do usuario, só se fai referencia en anexo no DFF (véxase a bibliografía para estas e outras siglas), naquilo que aínda é unha mestura de categoría temática e categoría idiomática, e mais no PDP, cuxo dicionario se encontra dividido en dúas partes: unha na que os proverbios están listados por orde alfabética e unha segunda cunha organización en categorías, simultaneamente temáticas e semánticas (esta organización facilita a consulta e o traballo de busca do usuario).

O DPLP, como o seu título indica, é un dicionario de “locuções e expressões peculiares” ou “idiotismos”, sendo así “expressões próprias da língua portuguesa [...] das mais simples às mais típicas”. O autor di que reúne “as locuções e expressões mais em voga na linguagem actual”.

Este dicionario presenta unha particularidade interesante. A orde alfabética lévase a cabo a partir dunha palabra chave (un vocábulo) e tódalas expresións que teñan ese mesmo vocábulo integran a mesma entrada lexical. O autor non fai comentario ningún respecto da palabra chave pero suponse que a escolla recae na palabra da expresión con maior carga semántica (así, tanto pode ser un verbo como un adxectivo, un nome, un adverbio...). Véxase, por exemplo, que a derivación morfolóxica implica, neste dicionario, varias entradas lexicais: *adiantar*, *adiantamento*, *adiante...* sen estaren concatenadas nunha mesma entrada (o que podería volver aínda máis funcional a busca); ou *andar*, *andança*, *andamento*, *andada* ou mesmo *cabeça*, *cabeçada*, *cabecinha*. Así, na entrada *diabo* temos tódalas expresións “peculiares” que se constrúen con ese lexema, cada unha seguida dunha definición. Poderíase falar dunha organización lexical, na que se selecciona unha palabra chave e a recolla se fai en torno a esa palabra. Malia ser interesante, esta ordenación privilexia a composicionalidade dos elementos constituíntes, que se ve anulada na construción do sentido idiomático.

Con todo, o sentido idiomático é o sentido privilexiado e, nalgúns casos, o único que ha de ser procesado, como suxiren os seguintes exemplos:

- *comer o pão que o diabo amassou* (“passar muitas dificuldades”)
- *dizer o diabo* (“dizer disparates”)
- *enquanto o diabo esfrega un olho* (“muito rapidamente”)
- *fugir de uma coisa como o diabo da cruz* (“grande medo ou aversão”)
- *pintar o diabo* (“fazer desatinos, diabruras”)

O lexema *diabo* non permite predicir o sentido (cf. parénteses) das estruturas, pero esta organización facilita a busca.

O DEPP reúne “arcaísmos, calão e gíria, ditos, frases feitas, lugares comuns, aportuguesamentos, estrangeirismos e curiosidades da linguagem”. As expresións

inclúense por orde alfabética (nominal, verbal, adxectiva...) coa súa definición correspondente. O autor sinala as variantes pero, na maioría dos casos, a través dunha nova entrada lexical. É, pois, unha miscelánea de unidades fraseolóxicas a que compón o dicionario (cf. os exemplos seguintes: as variantes fonéticas ou ortográficas *–messigeiro* (“mensaxeiro” mensaxeiro)-; sinónimos *–metediço* (“intrometido” entremetido)-; rexionalismos ou xergas *–adela* (“alcoviteira” alcaiota), *abafado* (“preso” preso), *abalada* (“partida” marcha)-; catacreses *–braço de cebola* (“restea” restra), *maçã de Adão*, *maçã da albarda*, *maçãs do rosto*-; comparacións *–parecer um sonho, uma drogaria, o preto da casa africana*-; construcións preposicionais *–a tino* (“a olho” a ollo), *até ver* (“aguardar desfecho” esperar unha resolución ou desenlace)-; galicismos *–finesse*-; anglicismos *–rink, ring*-; expresións idiomáticas *–atirar achas para a fogueira*-; frases proverbiais *–Cá se fazem cá se pagam*-; metáforas *–fura-bolos, mata-piolhos*-; aumentativos *–perguntão, rezingão*-).

O DAL reúne as expresións idiomáticas (EI) pertencentes a unha mesma categoría, a fala, e como as mesmas autoras explican:

[...] *este caderno organiza-se em três partes. A primeira apresenta a classificação das EIs em categorias semânticas. Cada categoria é introduzida por um pequeno texto e pelas EIs ordenadas por ordem alfabética. A segunda compreende um conjunto de exercícios de compreensão, de restituição, de contextualização, de modificação, de tradução intralingua, entre outros. A terceira é constituída por um índice alfabético de todas as EIs que compõem o caderno* (DAL 1997: 13).

Esta pequena obra privilexia o valor idiomático da fraseoloxía, facilitando así a consulta.

O proverbio, ó contrario das estruturas antes analizadas, encontra un terreo neutro. Para os autores, o proverbio ten unha compoñente formal, textual e un forte grao de fixación, prohibindo tanto as conmutacións ou substitucións dos constituíntes como as insercións de elementos (morfemas ou unidades máis longas, p. ex. adverbios). Os autores destacan a forza expresiva destas estruturas, o reflexo tradutivo da cultura oral dun pobo e o legado cultural que implica a súa conservación: “os provérbios fazem parte da vasta biblioteca dos saberes populares e son uma forma condensada de saberes seculares” (PP 1996: 16) ou tamén “os provérbios reflectem a cultura de um povo, a sua forma de viver, a sua maneira de falar e pensar”.

As diverxencias céntranse na existencia ou non dun valor didáctico e dun sentido figurado. Estamos perante unidades codificadas que denominan un concepto xeral e que teñen un sentido convencional. Son frases xenéricas, anónimas, con autonomía sintáctica... opoñéndose, así, a outros predicados lexicalizados. O proverbio vehicula unha sentenza, unha verdade xeral, que comparten tódolos falantes dunha lingua.

Na introdución o autor presenta os provérbios como un exercicio de tradución consistente na “transposição para a cultura escrita de parte de uma cultura oral” (PP 1996: 16). Os provérbios encerran o manancial da riqueza dun pobo e conservan a súa historia. Os datos son presentados por orde alfabética da primeira letra do proverbio e

numerados (dentro de cada letra do alfabeto). Ó final, en anexo, hai un índice remisivo que reúne os proverbios que conteñen a mesma palabra.

O PDP presenta algunhas particularidades interesantes para o usuario. Este dicionario está dividido en dúas partes. Na primeira preséntanse tódolos proverbios por orde alfabética da primeira palabra. A segunda parte titúlase “Temas” e nela divídense os proverbios en 62 temas (da *agricultura* ós *vizinhos*). Dentro de cada tema os proverbios obedecen á orde alfabética.

Vexamos como son tratadas as *partes do corpo* neste dicionario. Existe unha entrada temática *parte do corpo*; así e todo, *o coração* ten unha entrada temática individual. O SN *parte do corpo* forma parte do proverbio (*A irritação não tem olhos; ao vilão, dão-lhe o pé e toma a mão*). A frase proverbial é considerada na súa literalidade.

Os dicionarios bilingües existentes para o portugués europeo son escasos. O NDEI é un dicionario de expresións idiomáticas portuguesas pero, ó mesmo tempo, é bilingüe portugués-inglés, porque mediante uns índices numéricos remite ás entradas doutro dicionario fraseolóxico inglés (NDI), que a mesma editorial publicou simultaneamente e no que tamén os índices numéricos remiten ó volume portugués. Como se apunta na introdución, este dicionario contén palabras compostas (*abalo sísmico, abalo nervoso*), asociacións lineais (*ao acaso, por acaso, ao abrigo de*), sintagmas (*posto de abastecimento, cornucópia da abundância, acção de graças, homem ou mulher de acção*). As expresións acompañanse dunha definición (ou doutras expresións sinónimas).

A ordenación lexicográfica obedece á ordenación alfabética pero baseada nalgúns criterios:

- substantivo ou nome propio (*não ter com que mandar cantar um cego*)
- cando hai máis dun substantivo, selecciónase o primeiro por orde alfabética (*na ponta da espada*)

se non houber substantivos:

- adxectivo (*entrar mudo e sair calado*)
- pronome ou contracción (*falar consigo*)
- adverbio (*assim mesmo*)
- verbo (*mandar bugiar*)

Este dicionario está tamén enriquecido polas marcas de rexistro lingüístico, a pesar de que a súa diversidade é esaxerada (*antiquado, depreciativo, desusado, eufemismo, familiar, grosseiro, irónico, jocoso, literário, popular, precioso, retórico*).

Algunhas variantes rexístranse conxuntamente (*falar para o boneco/abade*). No entanto, en *paredes* aparece de novo a entrada lexical de *boneco*, o que supón certa repetición. Este tipo de ordenación ofrece algunhas vantaxes para as formas de busca. As expresións con *braços, dedos* están próximas entre si, permitindo unha consulta máis rápida e orientada.

Digno de mención é tamén o *Dicionário idiomático português-alemão* (DIP-A), o cal segue a ordenación alfabética seleccionando, preferentemente, os seguintes elementos:

substantivo e verbo. En caso de que non haxa substantivo nin verbo, a escolla recae sobre o adxectivo, despois no adverbio e, só a continuación, nos pronomes, interxeccións, partículas... Se existen varios elementos dunha mesma categoría conta sempre o primeiro desta. As expresións que só aparecen en determinadas formas ordénanse segundo as mesmas (mantéñense os criterios morfolóxicos ou outros que caracterizan as expresións). Non se teñen en conta, para a ordenación alfabética, as variacións de contexto. Os criterios desta ordenación pretenden aproximarse á intuición lingüística e a orde faise de acordo co alfabeto.

Sempre que é posible, os equivalentes alemáns danse na forma dunha ou máis expresións idiomáticas ou, se é imposible encontrar frases fixas, mediante paráfrases. Existen algunhas indicacións de nivel estilístico pero non constitúen criterios seguros e probados. Tamén se inclúen algunhas variantes. As expresións aparecen en columnas aliñadas (portugués-alemán). No entanto, o resto da información xa non responde á ordenación en columnas. Cada expresión portuguesa acompáñase dunha ou máis expresións alemás e séguese unha frase fabricada que tenta contextualizar a expresión portuguesa. Con todo, non se ofrece máis información verbo da expresión alemá.

4. Elementos para unha proposta de dicionario de fraseoloxía

As propostas de categorización lexicográfica existentes para outras linguas (véxase para o francés: Duneton 1990) organízanse en torno a unha propiedade común (perspectiva clásica de categorización) e é esta a que determina a inclusión ou exclusión dunha estrutura nunha determinada categoría. Distínguense dúas orientacións:

- unha orientación referencial. Nestes casos inclúense as categorizacións que responden a unha organización que depende dun dos elementos lexicais incluídos na expresión (as partes do corpo, o reino animal, os numerais, o vestiario, as cores...).
- unha orientación semántica. Esta orientación abrangue as categorías que se organizan arredor dun concepto, máis xeral e amplo, e que suxire unha semántica (figurada ou idiomática) das expresións (habilidade, intelixencia, ignorancia, coñecemento, enerxía, ledicia, tristeza, hipocrisía...).

O trazo distintivo destas dúas propostas reside no feito de que na orientación referencial non se destaca o valor idiomático das expresións, este valor non ten ningunha relevancia na elaboración da categoría. Na orientación semántica, o trazo operacional é precisamente ese valor idiomático, de forma que é a partir deses valores que se organizan as grandes categorías semánticas, xerando un grao de abstracción e de xeneralización maior.

A categorización corresponde, en aparencia, a operacións básicas do cotián. Categorizámolo todo –pensamentos, actividades, sentimentos- e algunhas desas categorías son automáticas e inconscientes (Lakoff e Johnson 1985). Categorizamos as *cousas* do mundo que nos rodea pero tamén categorizamos *cousas* abstractas (sentimentos, relacións...): todo pode ser organizado en categorías.

Rosch (Lakoff 1987; Dubois 1991), xunto con outros investigadores, demostrou, a través de experiencias, a existencia de exemplos máis representativos de homoxeneidade dentro

dunha categoría determinada. O prototipo, dende o punto de vista dos investigadores, é entón o *modelo* dun fenómeno cognitivo.

De aceptarmos a idea de que a linguaxe está organizada por categorías e que as expresións, como parte integrante da linguaxe, tamén o son, entón sería preciso considerar as categorías como algo inherente á propia fraseoloxía. Rey (1984: 105) subliña esta idea ó afirmar que

[...] *ce qui permet le maniement aisé des faits d'expressions de la LM c'est d'abord que notre esprit les associe constamment à des représentations ou des concepts qui, en se réveillant dans notre esprit, évoquent à leur tour les expressions correspondantes.*

A unidade fraseolóxica, por estar directamente relacionada coa experiencia humana, constitúe un obxecto privilexiado para este tipo de análise categorial.

Xeralmente non se repara no carácter metafórico dunha parte das unidades fraseolóxicas. A experiencia que temos dos obxectos físicos está na orixe de moitas metáforas ontolóxicas, maneiras diferentes de percibir os sentimentos, emocións, ideas. Esta maneira de enfrontar o mundo encontra resposta nunha organización profunda e constituiría un elemento operador interno. Este elemento sería o que permitiría a organización das operacións mentais: almacenamento, procesamento, codificación e descodificación.

Sería no valor operativo das metáforas base onde a organización categorial das unidades encontraría o seu fundamento. Se, como sinala Rey (1984: 105), “notre mémoire retient mieux les mots en groupe que les mots isolés”, xustificárase entón unha análise categorial que nos dea conta das implicacións das relacións que teñen lugar no mundo idiomático, contribuíndo a unha mellor comprensión da linguaxe e do ser humano.

Estas unidades reflicten a maneira que ten o falante de expresar os seus sentimentos e emocións, a súa maneira de traducir as actividades ou acontecementos. Son maneiras metaforizadas de *dicir o mundo*, de expresar a relación que o suxeito establece con ese mundo. Comprender as metáforas base ou os conceptos subxacentes a esa linguaxe é aprender os mecanismos implícitos, é dicir, os mecanismos nos que se basea a súa elaboración e que están alén dos lexemas e da súa referencialidade.

Os conceptos xa mencionados de categoría, prototipo e modelo están relacionados máis directamente cos aspectos semánticos da linguaxe ou, noutras palabras, coa súa compoñente lexical e a súa categorización. Segundo Dubois (1991), esta orientación debería contribuír a clarificar o cuestionamento constante sobre o que permite ó pensamento crear unha ordenación dos seres, unha división en clases, un agrupamento nominal que designa as semellanzas e as diferenzas.

Este punto de vista está na orixe da organización categorial que deseguida presentamos e do proxecto de dicionario que propoñemos (dicionario bilingüe de unidades fraseolóxicas portugués-francés).

5. Presentación do proxecto: un dicionario fraseolóxico

O proxecto do dicionario consiste nun dicionario bilingüe (portugués-francés) mais a mesma estrutura adáptase a un dicionario fraseolóxico monolingüe. Algúns comentarios presupoñen a construción dun dicionario electrónico. A nosa proposta baséase na complementariedade entre o dicionario en papel e o dicionario electrónico.

Prevese unha construción cunha dupla orientación: unha orientación temática ou referencial e unha orientación metafórica ou idiomática.

a) Orientación temática ou referencial:

Esta orientación baséase nunha palabra chave. Pero ¿seica podería a tradución xerarse automaticamente? A partir dunha palabra chave dunha lingua xeraríanse automaticamente as listaxes das expresións que teñen esa mesma palabra nas dúas linguas. Esta opción non é idiomática nin ten en conta unha equivalencia semántica. As listas son meramente temáticas e proporcionan indicadores culturais con respecto a cada unha das linguas.

O sentido idiomático da expresión intralingua será, no entanto, activado cando o usuario escolla unha expresión determinada e, nese caso, esa activación permitiralle penetrar na entrada lexical da expresión elixida.

Así, teríamos:

- palabra chave (das dúas linguas ou dunha e doutra lingua por separado)
- listas dunha ou das dúas linguas (organizadas en columnas, por separado)
- entrada lexical individualizada dunha expresión
- a entrada lexical propiamente dita: definición (sempre idiomática), cita...

En caso de que as expresións conteñan elementos lexicais arcaicos, poderán incluírse informacións suplementarias verbo dese vocábulo, dando así conta do seu arcaísmo e do seu sentido como elemento lexical individualizado.

b) Orientación metafórica ou idiomática:

Neste caso priviléxíase a organización idiomática das expresións, a perspectiva interlingua e as súas respectivas equivalencias dentro das categorías amplas pero, unha vez máis, a especificación individualizada da expresión actívase na perspectiva intralingua unicamente. Deste xeito, a selección da categoría é o que permite activar as expresións e non as palabras chave, mencionadas anteriormente. Estas remitirán automaticamente á organización temática.

- categoría (nas dúas linguas)
- subcategoría (nas dúas linguas)
- listas de expresións (nas dúas linguas). As listas aquí facultadas pertencen ó mesmo campo semántico e responden, polo tanto, a unha ordenación idiomática
- expresión (a selección dunha expresión, ó igual que na ordenación temática, remite a unha expresión como estrutura individualizada e accede á especificación da súa entrada lexical)

A ordenación por palabras chave é interesante, máis particularmente, no que toca á información temática contida no dicionario, non sendo tan relevante canto á información idiomática. No segundo caso, as expresións idiomáticas, dentro de cada categoría, poderán ordenarse alfabeticamente a partir do primeiro elemento de que consta a expresión (*atirar areia para os olhos de alg.* ordenaríase a partir de *atirar*).

5.1. Macroestrutura

Dicionario idiomático

- categorías (por orde alfabética)
- subcategorías (por orde alfabética)
 - definición xeral
- expresións ordenadas por orde alfabética (do primeiro elemento)
 - definicións específicas
 - citas (expresións contextualizadas)
- 1ª busca: por categoría e/ou subcategoría
- 2ª busca: por expresión ou parte da expresión

Neste caso as expresións estarán listadas por orde alfabética nun índice e introducidas co verbo en infinitivo, que sería o que decidiría a ordenación alfabética.

Implica a existencia de varias bases de datos:

- unha base de datos que integra a macroestrutura xeral do dicionario idiomático (que constitúe o núcleo central deste), constituída pola totalidade das categorías e subcategorías e mailas expresións coas súas respectivas informacións lexicais propias das entradas lexicais.
- unha base de datos das expresións (ordenadas por orde alfabética do primeiro elemento)

Dicionario temático

- palabras chave (ordenadas por orde alfabética)
- expresións ordenadas pola orde alfabética do primeiro elemento
 - interactividade co dicionario idiomático (da expresión á entrada lexical específica da expresión: definición e cita)

O dicionario temático non contén definicións nin citas. Tales informacións deberían ser recuperadas polo dicionario idiomático, de forma que non se repitan datos que poden estar en interacción.

Base de datos:

- das palabras chave ordenadas alfabeticamente
- das expresións ordenadas polas palabras chave
- das expresións ordenadas por orde alfabética do primeiro elemento (retómase a mesma base de datos do dicionario idiomático)

Deste xeito, preténdese garantir a non-duplicación da información. Un dicionario, neste caso electrónico, debe ser un obxecto que permita un uso claro e transparente da

información e que teña en conta a economía da mesma, tanto dende o punto de vista do usuario como da propia densidade da información contida no dicionario.

5.2. Microestrutura

Entrada lexical

Dicionario idiomático

- categoría
 - definición xeral
- subcategoría (poderá ser facultativa)
 - definición xeral (específica da subcategoría)
- listas das expresións (en dúas columnas separadas)
 - cada expresión remite á súa especificación. Tanto as expresións portuguesas como as francesas terán o mesmo tipo de tratamento. Con todo, elimínase a información redundante.

A devandita especificación constará de:

- unha definición específica (se esta é diferente da definición xeral da categoría ou da subcategoría: intensificación ou *vs.*; positiva e/ou negativa (en relación co uso da propia expresión ou en relación cos valores contidos nesta);
- o nivel de lingua. Terá que establecerse unha peneira ampla de niveis: neutra (sabendo de antemán que o uso da expresión nun contexto dado anula a propia neutralidade na medida en que hai colaboración e que o seu uso implica obrigatoriamente máis expresividade...); familiar; popular, xerga, argot –propostas encontradas nos dicionarios existentes. A peneira terá que facerse en función do uso das propias expresións e da súa inserción en discursos (quizais se poida diferenciar tamén o oral e o escrito mais, novamente, é sobre todo no tipo de discurso onde os niveis terán a súa pertinencia);
- anotacións de carácter morfolóxico, sintáctico ou lexical (cando sexa preciso e se estas informacións non están contidas na expresión, p.ex. variacións de xénero e de número que afecten ós elementos lexicalizados (como as variacións morfolóxicas do posesivo) e a posible substitución do artigo definido polo posesivo; variacións lexicais (limitadas) no eixo paradigmático (non só as variacións que recaen sobre o verbo, máis importantes canto a número, senón tamén as variacións que sofren os nomes e que poderán ser orixinadas ou non por variacións rexionais; alternancias sintácticas posibles...).

Non serán tidas en conta as variantes estilísticas propias dun autor ou que cumpran unha determinada función discursiva como, por exemplo, os xogos da linguaxe a que son sometidas as expresións idiomáticas no discurso publicitario, a súa subversión lexical, que ten aquí unha función específica –a de chamar a atención do suxeito- pero que non corresponden a estruturas institucionalizadas na lingua. Así, mesmo que esas alternancias sexan frecuentes en certos tipos de discurso, estas débense ó libre arbitrio do suxeito como entidade individual e non supoñen a existencia de aceptación social. A énfase leva consigo precisamente a subversión dunha estrutura lexicalizada e compartida

polos falantes dunha lingua. Deste xeito, o xogo ó que é sometida a expresión gaña forza e expresividade.

- cita do autor, debidamente identificada e suficientemente contextualizada, de forma que sexa posible extraer o sentido idiomático do contexto e que o usuario lea a expresión como un todo en uso.

Das especificacións que constan na entrada lexical propia de tódalas expresións só dúas son obrigatorias: a definición específica e a contextualización. As outras dúas especificacións só aparecerán cando sexan necesarias, é dicir, sempre que a expresión presente particularidades estas deberán ser apuntadas. Tódalas expresións, tanto as da base de datos do portugués como as da base de datos do francés, terán o mesmo tipo de tratamento. Por exemplo, canto ós niveis de lingua, poderase optar por non marcar as expresións de uso corrente, neutro e aportar unicamente indicacións de desviación da norma.

6. Consideracións finais

Este tipo de dicionario cunha dupla orientación (temática e idiomática) presenta vantaxes e desvantaxes, que enumeraremos a continuación, aínda que en calquera momento do proceso se poderá optar pola orientación metafórica ou idiomática, que é a privilexiada:

- duplicación das funcións: da palabra como unidade á *palabra idiomática* ou expresión; da palabra ó contexto semántico descontextualizado (isto é, nun contexto restrinxido idiomático e non nun contexto amplo discursivo);
- interacción entre os dous módulos a partir do núcleo central (obxecto), a unidade fraseolóxica;
- a palabra chave permite listaxes intralingua e, ó mesmo tempo, comparacións interlingua que poderán permitir un tratamento de índole etnocultural das expresións: comparación de linguas, pobos e culturas; comparación do poder imáxico das linguas; comparación do poder creativo das linguas e das súas escollas lexicais;
- non permite unha comparación por equivalencias (e/ou correspondencias) de unidades fraseolóxicas. Este tratamento é intralingua e nunca se ofrecen expresións equivalentes nas dúas linguas;
- a busca idiomática (equivalencias de categorías e subcategorías; tampouco existe equivalencia directa de expresión a expresión) dá conta da relación existente entre as linguas (parte bilingüe) e permítelle ó usuario seleccionar dun conxunto de EI aquela que máis se adapta ó contexto pretendido. Neste caso, a busca pode facerse a partir das categorías e subcategorías (dentro destas as expresións aparecen listadas por orde alfabética, en principio, do primeiro elemento que forma parte da expresión).
- a palabra chave (da ordenación temática) non sería pertinente na parte idiomática porque nesta parte a busca non se realiza directamente na expresión como elemento individual senón pertencente a un conxunto de expresións.

7. Bibliografia

- [DAL] JORGE, G. e JORGE, S. (1997): *Dar à língua, da comunicação às expressões idiomáticas*. Cosmos, Lisboa.
- [DEPP] SIMÕES, Guilherme Augusto (1994³): *Dicionário de Expressões Populares Portuguesas*. Dom Quixote, Lisboa.
- [DFE] NEVES, Orlando (1991): *Dicionário de Frases Feitas*. Lello & Irmãos-Editores, Porto.
- [DIP-A] SCHEMANN, H e SCHEMANN-DIAS, L. (sd): *Dicionário Idiomático português-alemão*. Livraria Cruz/Max Hueber Verlag.
- [DOFF] NEVES, Orlando (1992): *Dicionário das Origens das Frases Feitas*. Lello & Irmãos-Editores, Porto .
- [DPLP] BARATA, Martins A. (1989): *Dicionário prático da língua portuguesa, expressões peculiares*. Livraria Apostolado da Imprensa, Braga.
- [GP] COSTA, Alexandre de Carvalho *Gente de Portugal. Sua linguagem – seus costumes*. Edição da Assembleia Distrital de Portalegre. I(1,2,3),1982; II,1983; III,1984; IV, 1985.
- [LPP] MARQUES DA COSTA, José Ricardo (2004²): *O Livro dos Provérbios Portugueses*. Editorial Presença, Lisboa.
- [NDEI] NOGUEIRA SANTOS, António (1990): *Novos Dicionários de expressões idiomáticas*. Edições João Sá da Costa, Lisboa.
- [NDI] NOGUEIRA SANTOS, A. e SANTOS, P. (1990): *New Dictionaries of idioms*. Edições João Sá da Costa, Lisboa.
- [NDP] GHITESCU, Micaela (1992): *Novo Dicionário de Provérbios*. Fim de Século Edições, Lisboa.
- [PDP] ALVES REIS, José (1996): *Provérbios e Ditos Populares*. Litexa Editora, Porto.
- [PP] MOREIRA, António (1996): *Provérbios Portugueses*. Editorial Notícias, Lisboa.
- DUBOIS, Danièle (1991): *Sémantique et Cognition. Catégories, prototypes, typicalité*. CNRS, Paris.
- DUNETON, Claude (1990): *Le Bouquet des Expressions Imagées*. Seuil, Paris.
- GARCÍA BENITO, Ana Belén (2003): *Diccionario de expresiones idiomáticas español/portugués*. Junta de Extremadura, Mérida.
- GOMES MONTEIRO e COSTA LEÃO (1944): *A vida misteriosa das palavras*. Portugália, Lisboa.
- LAKOFF, G. (1987): *Women, Fire and Dangerous Things. What Categories Reveal about the Mind*. University of Chicago Press, Chicago.
- LAKOFF, G. e JOHNSON, M. (1985): *Les métaphores dans la vie quotidienne*. Minuit, Paris.
- LATTEY, Elsa (1986): “Pragmatic classification of idioms as an aid for the language learner” en *International Review of Applied Linguistics* XXIV/3,1986,217-233.
- NOBRE, Eduardo (1980): *O calão: dicionário de gíria portuguesa*. Casa do Livro Editores, Lisboa.
- RANCHHOD, Elisabete (2003): “O lugar das expressões ‘fixas’ na gramática do português”. Proxecto ENLEX (*Enhancement of Large-scale Lexicons*, inédito).

- REY, Alain (1984): “Les implications théoriques d’un dictionnaire phraséologique” en *Le Moyen Français* 14/15, 1984, 119-133. McGill University, Montréal.
- SOARES, A. e SANTOS, M. J. (2003): *Francês – Português Dicionário do tradutor*. Noémio Ramos, Faro.